**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**
**O DÍA 10/05/2021**
**(Extracto en http//:sede.vilagarcia.gal - transparencia)**

**PRESIDENTE**
ALBERTO VARELA PAZ

**CONCELLEIROS/AS**
Lista de asistentes
ARGIMIRO SERÉN MERA
LINO MOURIÑO SANTIAGO
LUZ MARIA ABALO PÉREZ
DIEGO GARCIA SANTIAGO
JOSE MARIA GONZALEZ ARAUJO
MATILDE LAYA LORENZO
TANIA GARCÍA SANMARTÍN

**SECRETARIA**
MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

**INTERVENTORA**
TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 10/05/2021 reuníronse no Salón de plenos, previa a oportuna citación e en primeira convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Comprobada a presenza de tódolos membros e polo tanto de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 03 de maio de 2021, que se aprobou por unanimidade.

## RÉXIME INTERIOR

**PRP2021/1426**
Dáse conta do escrito da Deputación Provincial, adxuntando convenio de colaboración para levar a cabo actuacións recollidas no proxecto do IDAE "Feder-EELL 2020-004626 Iluminación Exterior Sositble IX" que contempla a renovacion das instalacións de alumeado exterior nos municipios de Portas, Valga, Vilanova de Arousa e Vilagarcía de Arousa.
No caso do Concello de Vilagarcía de Arousa, a intervención prevista ascende a 216.846,65€, co financiamento de 173.477,32€ do IDAE, 20.000,00€ da Deputación Provincial e 23.369,33€ do Concello con cargo á partida 336-61900. Contemplase a substitución de 517 luminarias e actuación en 11 cadros de mandos. Con esta actuación disminuirase a potencia de 83 KW a 20,7KW e conseguirase o aforro estimado do 84% con novas luminarias led de última xeración e a substitución dos cadros de mando.
A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda aprobar os termos do citado convenio.
Dar conta do presente acordo ao encargado de Alumeado Público (Ramón Caldas).

**PRP2021/1482**
Vista a proposta do Departamento de Informática, en relación coa necesaria e urxente reposición de tres CPU´s en distintos departamentos do Concello (oficina técnica e cultura) e unha impresora no departamento de xuventude, a Xunta de Goberrno Local acorda a adxudicación á empresa Servicios Técnicos Integrados del Noroeste S.L. por ser o provedor habitual deste tipo de periféricos cun servizo de post-venta moi satisfactorio, por un importe total de 2.624,83 € (IVE incluído), con cargo á partida 9201.216., coa seguinte desagregación:
CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS:
**Tres CPU por un prezo de 2.297,61 € IVE incluído**

Equipo: HP ProDesk 400 GT SFF
Procesador: Core i5 10500 / 3,1 GHz.
Memoria principal: 8 GB de RAM.
Memoria secundaria: HD SSD 256 GB.
Sistema operativo: Windows 10 Pro 64 bits.
**Unha Impresora por un prezo de 327,22 € IVE incluído.**
Impresora láser en B/N de dúas caras
Velocidade 38 ppm
Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**PRP2021/1483**
Dáse conta de Proposta do Departamento de Informática, no que se indica que no salón de plenos está existe un rack de comunicacións onde están instalados todos os dispositivos electrónicos e de rede que controlan a gravación dos plenos e a xestión do proxector e da pantalla eléctrica do salón.
Actualmente existe unha avaría que fai necesario a reinstalación (recolocación) de todos os dispositivos electrónicos e o cambio de rack, polo tanto solicitamos contratar os servizos de reinstalación de todos os dispositivos electrónicos e cambio de Rack por outro de maiores dimensións.
O importe da reinstalación e cambio de rack é de 1.405,58 € IVE incluído.
A Xunta de Goberno Local acorda a adxudicación á empresa INSERPYME GLOBAL S.A. dun servizo reinstalación de todos os dispositivos electrónicos e reposición do Rack no salón de plenos por un importe de 1.405,58 € IVE incluído., con cargo á partida 9201.216.
Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**PRP2021/1486**
Dáse conta de solicitude de Hermanos Mongragón Paz S.A. en relación co acceso as obras de rehabilitación de edificio na rúa Alcalde Rey Daviña para que se autorice o itinerario pola rúa Ramón y Cajal cara a rúa Alcalde Rey Daviña, e dese xeito se retire o modifique a ubicación do banco que está na rúa Ramón y Cajal. Visto o informe da Arquitecta Técnica Municipal a Xunta de Goberno Local acorda non acceder á solicitude, xa que non se acredita a total necesariedade de acceso por esa rúa, non entanto recordaselle á promotora que a súa dirección técnica, asinou un contrato de condicións de valado e acceso á obra que deberá ter en conta para a execución da mesma.

**PRP2021/1572**
Vista a proposta do Servizo Municipal de Potección Civil e Xestión de Emerxencias, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar á Empresa SEPYMEDICAL SL o subministro de 15 chaquetóns de intervención Drager SWISS GUARD para intervención de incendios estructurais do persoal do Servizo, para a reposición dos actuais, por un importe total de 14.991,90 € (IVE incluído), con cargo á partida 135.22104, de conformidade coa oferta presentada.
Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web

municipal.

**PRP2021/1573**
Vista a proposta da Área de Comunicación Social, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Gráficas Anduriña SCG para a impresión de 300 exemplares do catálogo da exposición que se vai a realizar na Sala Rivas Briones de "Xosé Vizoso. Creatividade de Procesos", por un importe total de 1.326,00 € (IVE 4% incluído), con cargo á partida 334.22631.
Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**PRP2021/1574**
Vista a proposta do Servizo de Parques e Xardíns, para a reaalización da I Fase do proxecto de renovación de telexestión de sistema de rega, nas seguintes rúas ou prazas: Praza Independencia, Praza Ravella, Praza de España, Parque Miquel Hernández, A Xunqueira e Matosinhos, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Pintega SL por un importe total de 8.077,94 € (IVE incluído), con cargo á partida 171.210, que inclúe o subministro e instalación de 4 estacións base e 7 programadores, configurados, probados e en funcionamento.
Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**PRP2021/1575**
Vista a proposta do Servizo de Parques e Xardíns, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por TROQUIÑA SL para subministro de 6 árbores (Prunus Pisardii C45 Cal 12/14 - encopado a 2,20 m. altura), por un importe total de 785,99 € (IVE incluído), con cargo á partida 171.22109.
Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**PRP2021/1582**
Dáse conta de informe da Policía Local no que indican que na Rúa Marxión, a partir da intersección desta coa Rúa do Pino os vehículos estacionan na marxe dereita en sentido Rúa do Pino a Invisa. A citada rúa ten un ancho máximo de 7 metros e carece de beirarrúas na marxe dereita e os vehículos estacionan a carón dos peches das edificacións, polo que os peóns deben circular pola calzada, tendo esta unha anchura restante para a circulación de vehículos en sentidos opostos inferior a 5 metros, co conseguinte perigo para os peóns.
Á vista do informe, a Xunta de Goberno Local acorda que se proceda á sinalización vertical e horizontal, coa colocación de sinal R-308 e horizontal en ambas marxes de prohibición do estacionamento a partir da citada intersección.
Dar conta á Policía Local e Servizo de Sinalización.

**PRP2021/1583**

Dáse conta de informe da Policía Local en relación coa sinalización nas Rúas Arcebispo Lago e Conde Vallellano. A vista do mesmo, a Xunta de Goberno Local acorda que se proceda á instalación de dúas sinais S28 Zona Residencial complementada coa sinalización horizontal cunha liña amarela, procedendo á retirada da sinalización provisional (en trípode) dispersa pola zona.
Dar conta á Policía Local e Servizo de Sinalización.

**PRP2021/1585**
Dáse conta da existencia dun erro no acordo da Xunta de Goberno Local de data 4 de xaneiro de 20201 de aprobación do orzamento presentado por OZONA CONSULTING SL para a renovación do servizo de subscrición das licenzas do software veritas backup exec. de copias de seguridade para o ano 2021, figurando no mesmo por un importe total de 600,21 € e debendo figurar por un importe total de 606,21 €.
A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda corrixir o erro indicado.

**PRP2021/1586**
Dáse conta das normas Anticovid recollidas pola Concellería de Cultura para o uso dos Centros Socioculturais do Municipio.
A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

**PRP2021/1540**
Dáse conta de informe-proposta da Fundación de Deportes para a aprobación se procede o protocolo básico para a presenza de público nas competicións que se desenvolvan nas instalacións deportivas municipais do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa.
A Xunta de Goberno Local acorda dar a conformidade ao citado protocolo.

**EMPREGO**

**PRP2021/1533**
Visto o informe da área de Promoción Económica, a Xunta de Goberno Local acorda APROBAR a concesión da seguinte axuda dentro do Programa de Axudas Municipais de apoio á reactivación económica no sector hostaleiro e outras actividades do Comercio de Vilagarcía:
REF CÍVIDAS: PROMECON/2021/000143
SOLICITANTE: ROCIO VERDEJA LOPEZ
NIF/CIF: 71650635T
DIRECCION: Avenida DOCTOR TOURON Nº: 14 3 - VILAGARCIA DE AROUSA CP: 36600 Vilagarcia de Arousa (Pontevedra) – España
ESTABLECEMENTO: BAR CASA ROCIO
Procedendo ao recoñecemento de obriga a favor da mesma por contía de SEISCENTOS EUROS (600,00 €) nos termos de dito informe, con cargo á partida 4311.470.

**PRP2021/1542**
Visto o informe da área de Promoción Económica, a Xunta de Goberno Local acorda APROBAR a concesión da seguinte axuda dentro do Programa de Axudas Municipais de apoio á reactivación económica no sector hostaleiro e outras actividades do Comercio de Vilagarcía:
REF CÍVIDAS: PROMECON/2021/000069

SOLICITANTE: RESTAURANTE FOGON DA RIA SL
NIF/CIF: B36193282
DIRECCION: Avenida ROSALIA DE CASTRO Nº: 124 - VILAGARCIA DE AROUSA CP: 36600 Vilagarcia de Arousa (Pontevedra) - España
ESTABLECEMENTO: RESTAURANTE FOGON DA RIA SL
Procedendo ao recoñecemento de obriga a favor da mesma por contía de OITOCENTOS EUROS (600,00 €) nos termos de dito informe, con cargo á partida 4311.470.

**PRP2021/1543**
Visto o informe da área de Promoción Económica, a Xunta de Goberno Local acorda APROBAR a concesión da seguinte axuda dentro do Programa de Axudas Municipais de apoio á reactivación económica no sector hostaleiro e outras actividades do Comercio de Vilagarcía:
REF CÍVIDAS: PROMECON/2021/000071
SOLICITANTE: FRANCISCO JOSE BUGALLO VERDE
NIF/CIF: 35468785W
DIRECCION: Rua DOS PASOS Nº: 6 - VILAGARCIA DE AROUSA CP: 36619 Vilagarcia de Arousa (Pontevedra) – España
ESTABLECEMENTO: RINCON DA RIA
Procedendo ao recoñecemento de obriga a favor da mesma por contía de SEISCENTOS EUROS (600,00 €) nos termos de dito informe, con cargo á partida 4311.470.

**PRP2021/1545**
Visto o informe da área de Promoción Económica, a Xunta de Goberno Local acorda APROBAR a concesión da seguinte axuda dentro do Programa de Axudas Municipais de apoio á reactivación económica no sector hostaleiro e outras actividades do Comercio de Vilagarcía:
REF CÍVIDAS: PROMECON/2021/000088
SOLICITANTE: MARIA MONTSERRAT FALCON GONZALEZ
NIF/CIF: 35457829V
DIRECCION: Rua LUCENA Nº: 19 Lt: C 2 - VILAGARCIA DE AROUSA CP: 36610 Vilagarcia de Arousa (Pontevedra) - España
ESTABLECEMENTO: A ESMORGA
Procedendo ao recoñecemento de obriga a favor da mesma por contía de SEISCENTOS EUROS (600,00 €) nos termos de dito informe, con cargo á partida 4311.470.

**PRP2021/1546**
Visto o informe da área de Promoción Económica, a Xunta de Goberno Local acorda APROBAR a concesión da seguinte axuda dentro do Programa de Axudas Municipais de apoio á reactivación económica no sector hostaleiro e outras actividades do Comercio de Vilagarcía:
REF CÍVIDAS: PROMECON/2021/000093
SOLICITANTE: RODRIGO LUIS RODRIGUEZ MENDEZ
NIF/CIF: 35451453N
DIRECCION: Rua LUCENA Nº: 16 - VILAGARCIA DE AROUSA CP: 36610 Vilagarcia de Arousa (Pontevedra) - España
ESTABLECEMENTO: A POSADA DO MAR
Procedendo ao recoñecemento de obriga a favor da mesma por contía de SEISCENTOS EUROS (600,00 €) nos termos de dito informe, con cargo á partida 4311.470.

**PRP2021/1553**
Visto o informe da área de Promoción Económica, a Xunta de Goberno Local acorda APROBAR a concesión da seguinte axuda dentro do Programa de Axudas Municipais de apoio á reactivación económica no sector hostaleiro e outras actividades do Comercio de Vilagarcía:
REF CÍVIDAS: PROMECON/2021/000212
SOLICITANTE: NATALIA CECILIA SINGERMAN ORSOMARZO
NIF/CIF: 35641853H
DIRECCION: Avenida RODRIGO DE MENDOZA Nº: 28 Lt: 5º Esc: C - VILAGARCIA DE AROUSA CP: 36600 Vilagarcia de Arousa (Pontevedra) - España
ESTABLECEMENTO: ACADEMIA DE ENSINO "UNIVERSO EXACTO"
Procedendo ao recoñecemento de obriga a favor da mesma por contía de CATROCENTOS EUROS (400,00 €) nos termos de dito informe, con cargo á partida 4311.470.

**PRP2021/1554**
Visto o informe da área de Promoción Económica, a Xunta de Goberno Local acorda APROBAR a concesión da seguinte axuda dentro do Programa de Axudas Municipais de apoio á reactivación económica no sector hostaleiro e outras actividades do Comercio de Vilagarcía:
REF CÍVIDAS: PROMECON/2021/000109
SOLICITANTE: PAZO DA GOLPELLEIRA SL
NIF/CIF: B94060472
DIRECCION: Avenida LOPEZ BALLESTEROS Nº: 20 - VILAGARCIA DE AROUSA CP: 36613 Vilagarcia de Arousa (Pontevedra) - España
ESTABLECEMENTO: PAZO GOLPELLEIRA_EVENTOS
Procedendo ao recoñecemento de obriga a favor da mesma por contía de SEISCENTOS EUROS (600,00 €) nos termos de dito informe, con cargo á partida 4311.470.

**PRP2021/1555**
Visto o informe da área de Promoción Económica, a Xunta de Goberno Local acorda APROBAR a concesión da seguinte axuda dentro do Programa de Axudas Municipais de apoio á reactivación económica no sector hostaleiro e outras actividades do Comercio de Vilagarcía:
REF CÍVIDAS: PROMECON/2021/000199
SOLICITANTE: ALBA MERY GARCIA FORERO
NIF/CIF: 35629957J
DIRECCION: Rua BOSQUE DESAMPARADOS Nº: 24 3º Pt: G Vilagarcia de Arousa (Pontevedra) - España
ESTABLECEMENTO: COFFEE BAR
Procedendo ao recoñecemento de obriga a favor da mesma por contía de SEISCENTOS EUROS (600,00 €) nos termos de dito informe, con cargo á partida 4311.470.

**PRP2021/1556**
Visto o informe da área de Promoción Económica, a Xunta de Goberno Local acorda APROBAR a concesión da seguinte axuda dentro do Programa de Axudas Municipais de apoio á reactivación económica no sector hostaleiro e outras actividades do Comercio de Vilagarcía:
REF CÍVIDAS: PROMECON/2021/000186
SOLICITANTE: FRANCISCO JAVIER DASILVA FERNANDEZ
NIF/CIF: 35421436X

DIRECCION: Avenida DOUTOR TOURON Nº: 44 11 Pt: B - VILAGARCIA DE AROUSA CP: 36600 Vilagarcia de Arousa (Pontevedra) - España
ESTABLECEMENTO: ZAPATERÍA LA NUEVA
Procedendo ao recoñecemento de obriga a favor da mesma por contía de CATROCENTOS EUROS (400,00 €) nos termos de dito informe, con cargo á partida 4311.470.

**PRP2021/1557**
Visto o informe da área de Promoción Económica, a Xunta de Goberno Local acorda APROBAR a concesión da seguinte axuda dentro do Programa de Axudas Municipais de apoio á reactivación económica no sector hostaleiro e outras actividades do Comercio de Vilagarcía:
REF CÍVIDAS: PROMECON/2021/000211
SOLICITANTE: INES PLAZA OTERO
NIF/CIF: 35459214E
DIRECCION: Avenida JUAN CARLOS I Nº: 20 Lt: C 8 - VILAGARCIA DE AROUSA CP: 36600 Vilagarcia de Arousa (Pontevedra) - España
ESTABLECEMENTO: AXENCIA DE VIAXES "B THE TRAVEL BRAND"
Procedendo ao recoñecemento de obriga a favor da mesma por contía de CATROCENTOS EUROS (400,00 €) nos termos de dito informe, con cargo á partida 4311.470.

**PRP2021/1558**
Dáse conta da Proposta da Concellería de Promoción Económica seguinte:
PRIMEIRO. Dáse conta da terceira edición da iniciativa BONOS SON DA CASA.
SEGUNDO. A Concellería de Promoción Económica porá en marcha unha terceira edición da iniciativa, consistente na emisión de bonos para o consumo nos negocios, establecementos comerciais e hostaleiros da cidade, contando co compromiso e colaboración de toda a cidadanía para a revitalización da actividade económica local.
TERCEIRO. CONTÍA A APORTAR POLO CONCELLO E FINANCIAMENTO
a) Nesta terceira fase poranse novamente á venda 3.750 paquetes de bonos por valor de 30 Euros c/u (10€+10€+5€+5€) dos que o usuario pagará 20 € e os outros 10 € correrán a cargo do Concello (3.750x10=37.500 €).
b) O Concello de Vilagarcía aportará 37.500 € mediante a transferencia á conta bancaria (destinada exclusivamente a esta iniciativa) titularidade da Asociación de Comerciantes Zona Aberta logo da sinatura dun convenio de colaboración entrambas as dúas entidades.
c) Estímase preciso adquirir material publicitario diverso para a difusión da iniciativa, cuxa contía non se pode acreditar neste momento, pero que atendendo ao gasto realizado na primeira edición, calcúlase aproximadamente na cantidade de 5.000 Euros, IVE incluído.
d) Para activación da plataforma dixital de venda de bonos, solicitouse orzamento á empresa TONIC TIME SL B87667507, o cal se xunta a esta proposta e que ascende á cantidade de 2.178,00 €, IVE incluído.
e) A asistencia técnica a establecementos adheridos e persoas adquirentes dos bonos, será precisa de novo. Dito servizo amplíase prestando atención personalizada ao cliente e axuda na compra e personal shopper os sete días da semana durante toda a campaña. Solicitado orzamento a Diego Alcaine Torres, NIF 35466795J, foi remitido por contía de 4.213,50 euros, IVE Incluído.
f) O convenio prevé unha compensación económica á entidade colaboradora pola asunción das tarefas de venda física dos bonos, polo que a mesma estímase na contía equivalente aos custos salariais por todos os conceptos derivados da contratación dunha persoa para a venda física dos

bonos en seis sesións de 3 horas de duración cada unha.
Solicitada estimación de custos á Asociación de comerciantes, foi remitida por esta a nómina correspondente e táboa de custos, ascendendo a un total de 128,17 € por xornada, o que implica uns custos totais en concepto de compensación á entidade colaboradora ascenden a un total de 769,02 Euros (6 xornadas/3horas por xornada)
O custo total da terceira edición ascendería a 49.660.52 Euros, segundo se desagrega:

| CONCEPTO | TOTAL CUSTO |
|---|---|
| 3.750 PACKS DE BONOS | 37.500,00 € |
| PLATAFORMA DIXITAL . TONIC TIME | 2. 178,00 € IVE INCLUIDO |
| ASISTENCIA TÉCNICA COMERCIOS E CIDADÁNS. DIEGO ALCAINE TORRES | 4.213,50 € IVE INCLUIDO |
| MATERIAL PUBLICITARIO ((Estimación sobre a base do custo do material publicitario da campaña anterior) | 5.000,00 € IVE INCLUIDO |
| CONVENIO COA ASOCIACIÓN ZONA ABERTA (compensacion) | 769,02 € |
| TOTAL | 49.660,52 € IVE INCLUIDO |

A aportación municipal terá carácter prepagable, mediante transferencia á conta bancaria (destinada exclusivamente a esta iniciativa) titularidade da entidade colaboradora (Asociación de Comerciantes Zona Aberta), con cargo á partida orzamentaria 4311-470 do orzamento vixente.
A transferencia dos fondos, tal como recolle o convenio asinado entre as partes, levarase a cabo nos prazos e porcentaxes que se indican:

1. Á posta en marcha da iniciativa, e dicir, á sinatura do presente convenio por ambas partes, procederase á transferencia de 18.750 €, equivalentes ao 50% da cantidade total correspondente ao Concello.

2. Xustificada pola Asociación de Comerciantes, a transferencia aos establecementos adheridos da cantidade antedita, procederase a transferir por parte do Concello, a cantidade de 9.375 €, equivalente ao 25% do total da aportación municipal
3. Xustificada pola asociación o abono aos establecementos da cantidade antedita, transferirase á conta da asociación a cantidade 9.375 € equivalente ao 25% restante da aportación municipal.

A aportación financiarase con cargo ás partidas que se indican.
CUARTO. PRAZO DE EXECUCIÓN. O prazo para gastar os bonos desta segunda emisión, será dende o día 14 de maio ata o 31 de xullo de 2021 ambos inclusive.
QUINTO. SOLICITUDE DE ADHESIÓN DOS NOVOS ESTABLECEMENTOS PARTICIPANTES. A solicitude de participación presentarase a través da Sede electrónica do Concello de Vilagarcía (sede.vilagarcia.gal) e a presentación de solicitude de adhesión implicará a aceptación e compromiso de cumprimento das bases reguladoras da iniciativa, cuxa aprobación pola XGL, se solicita igualmente a través da presente proposta.
SEXTO. PROCEDEMENTO DE XESTIÓN.
Co fin de levar a cabo a xestión da presente iniciativa e non contando o Concello cos medios materiais e humanos suficientes para o seu desenvolvemento, proponse a sinatura dun

CONVENIO DE COLABORACIÓN coa ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES, nos termos que se conteñen no borrador de convenio que se acompaña á presente proposta.
Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda a aprobación da proposta para o desenvolvemento da terceira edición da iniciativa BONOS SON DA CASA, 49.660,52 Euros, segundo se desagregación:

| CONCEPTO | TOTAL CUSTO | PARTIDA |
|---|---|---|
| 3.750 PACKS DE BONOS | 37.500,00 € | 4311.470 |
| PLATAFORMA DIXITAL . TONIC TIME | 2. 178,00 € IVE INCLUIDO | 4311.22799 |
| ASISTENCIA TÉCNICA COMERCIOS E CIDADÁNS. DIEGO ALCAINE TORRES | 4.213,50 € IVE INCLUIDO | 4311.22799 |
| MATERIAL PUBLICITARIO ((Estimación sobre a base do custo do material publicitario da campaña anterior) | 5.000,00 € IVE INCLUIDO | 4311.22602 |
| CONVENIO COA ASOCIACIÓN ZONA ABERTA (compensacion) | 769,02 € | 4311.22699 |
| TOTAL | 49.660,52 € IVE INCLUIDO | |

- A aprobación das bases da convocatoria BONOS - SON DA CASA
- A aprobación da sinatura do Convenio coa Asociación Zona Aberta.

**PRP2021/1587**
Dáse conta de Resolución da Deputación Provincial de Pontevedra de recoñecemento de obriga e orde de pagamento do 50% restante da subvención concedida para financiar unha parte do custo laboral total dos contratos en prácticas derivados do programa "O Teu Primeiro Emprego" nos Concellos, por un importe de 11.700,00 €, correspondente aos primeiros 6 meses:

| Nº CONTRATOS-TITULACIÓNS | CONTÍA SUBVENCIÓN | PAGO 50% RESTANTE |
|---|---|---|
| 1 Ciclo S. Administración de sistemas informáticos en rede | 5.700,00 € | 2.850,00 € |
| 1 Diplomatura en Traballo Social | 6.000,00 € | 3.000,00 € |
| 1 Ciclo S en Animación de Actividades Físico e Deportivas | 5.700,00 € | 2.850,00 € |
| 1 Mestre, Especialidade en E. Primaria | 6.000,00 € | 3.000,00 € |
| TOTAL | | 11.700,00 € |

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

**PRP2021/1588**
Dáse conta da autorización da Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria, de 30 de maio de 2021, pola que se acorda autorizar ao Concello de Vilagarcía a contratación anticipada de 12 traballadores socorristas para a realización do servizo "Salvamento e Socorrismo 2021" co grupo de cotización 10.
A autorización citada non presupón a concesión da axuda.

A Xunta de Goberno Local acorda que se proceda á presentación da correspondente oferta no Servizo Público de Emprego para a contratación de 12 socorristas cunha xornada a tempo completo durante tres meses dende o 1 de xullo de 2021, necesarios para a cobertura do servizo de salvamento e socorrismo nas praias do Concello, cunha aportación municipal de 4.670,64 €.

**PRP2021/1589**
Dáse conta de resolución da Presidencia da Deputación Provincial de Pontevedra, relativa ás contratacións da Liña 3-Emprego, dentro do Plan para Conservación e Funcionamento de Ben e Servizos Municipais 2021, na que se aproba a certificación acreditativa achegada polo Concello, relativa á contratación laboral de trinta e oito traballadores por un período de 9 meses e se recoñece a obriga e ordea o pagamento a este Concello do importe de 155.908,46 € (50% da subvención), en concepto de aboamento do primeiro anticipo polas contratacións efectuadas ata o momento na 1ª remesa..
A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

## EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

### EDUCACIÓN

**PRP2021/1560**
Vista a proposta das Concelleiras de Educación e Servizos Sociais, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar as bases de axudas á educación infantil para familias con alumnos matriculados en centros sostidos con fondos públicos e escolas infantís autorizadas de Vilagarcía de Arousa para o curso 2021-2022, cun orzamento total de 13.500,00 €, con cargo ás partidas 231.48003 (7.500,00 €) e 320.48003 (6.000,00 €), con posibilidade de ampliar 1.500,00 € con cargo ao sobrante do Plan Madruga, realizando dúas convocatorias, a 1ª dende o día seguinte ao da publicación ds bases no BOP e ata o 18 de xuño e a 2ª do 6 ao 17 de setembro, coa seguinte desagregación:
- Primeira convocatoria por importe de 12.150,00 €:

- Con cargo á partida 231.48003 por importe de 6.750,.00 €
- Con cargo á partida 320.48003 por importe de 5.400,00 €

- Segunda convocatoria por importe de 1.350,00 € (condicionada ao sobrante do Plan Madruga):

- Con cargo á partida 231.48003 por importe de 750,00 €
- Con cargo á partida 320.48003 por importe de 600,00 €

**PRP2021/1591**
Dáse conta de Resolución do 22 de abril de 2021, da Secretaría Xeral de Cultura, pola que se da publicidade das axudas concedidas ao abeiro da Orde de 23 de decembro de 2020, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas a entidades locais de Galicia titulares de bibliotecas e/ou axencias de lectura públicas, integradas na Rede de bibliotecas públicas de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2021, correspondendo a este Concello as seguintes cantidades:
Programa A: Subvención para a dotación de novidades editoriais en galego en formato físico, 2.325,72 €.
Programa B: Subvención para mellora de coleccións bibliográficas, 4.320,00 €

A Xunta de Goberno queda sabedora.

**PRP2021/1584**
Dase conta do Convenio de Colaboración Educativa entre a Universidade de Santiago de Compostela e o Concello de Vilagarcía de Arousa para a realización de prácticas académicas externas curriculares ou extracurriculares do alumnado de titulacións oficiais de Grao e Máster Universitario impartidas na Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais.
A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a sinatura do citado convenio.

## TURISMO E MEDIO AMBIENTE

### MEDIO AMBIENTE

**PRP2021/1339**
Vista a proposta do Servizo Municipal de Medio Ambiente, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Sociedade Industrial de Cucujaes SA para o subministro dun trampolin de salto para o Parque Infantil de Matosinhos, para substitución do actual que se atopa roto, por un importe total de 1.291,50 € (IVE 23%) incluído, con cargo á partida 171.213.
Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

### TURISMO

**PRP2021/1522**
Dáse conta da proposta do Servizo de Turismo, en relación coa creación e promoción de paquetes turísticos no Concello de Vialgarcía vinculados co Camiño de Santiago, baseados nas seguintes actividades e temáticas:

1. a) Sendeirismo na Vía Verde do Salnés
2. b) Cicloturismo na Vía Verde do Salnés
3. c) Enoturismo
4. d) Pazos e Xardíns
5. e) Actividades náuticas

O Camiño de Santiago está a vivir un auxe do que o concello non pode quedar ao marxe. Por Vilagarcía pasa a Variante Espiritual do Salnés e a Ruta Xacobea do Mar de Arousa. En colaboración coa Mancomunidade de Salnés se está a desenvolver o proxecto A Orixe do Camiño, que fai referencia a que pola Ría de Arousa e polo Ulla foi levado o corpo do Apóstolo Santiago, que agora reposta na Catedral, viaxe que foi a orixe de todo o fenómeno xacobeo. Con esa mensaxe, preténdese que o peregrino que chega a Santiago colla o tren ata Vilagarcía para logo facer en barco o remonte do río Ulla ata Pontecesures e continúe polo Camiño Portugués ata Santiago. Esa idea da Orixe tamén se pretende que atraía a peregrinos que facendo o Camiño Portugués, o segundo máis concorrido logo do Francés, decidan, dende Portas ou Caldas, pola vía verde, achegarse a Vilagarcía para continuar polo Ulla o seu camiño a Santiago. A iso vai contribuír, dun xeito fundamental, a posta en funcionamento do Albergue de Peregrinos en Carril, integrado na rede do Xacobeo.
Ademais o crecente interese polo turismo ao aire libre, coas prácticas do cicloturismo e

sendeirismo como principais actividades, e a apertura da Vía Verde supoñen unha grande oportunidade para Vilagarcía. Para aproveitar ese momento, precísase da creación de produto e da promoción correspondente.
A Concellería de Turismo pretende promocionar Vilagarcía de Arousa como destino vinculado á Ruta do Mar de Arousa e Río Ula. Para iso, articularase un produto turístico baseado na colaboración con empresas locais (naúticas, de restauración, transportes, etc.).
A posición estratéxica de Vilagarcía de Arousa, con excelentes conexións ferroviarias, así como su variada oferta de servizos, configuran un destino atractivo tanto para o cliente nacional como para el internacional.
O turismo de cruceiros, con escala no porto vilagarcián, supón unha grande oportunidade para este novo produto, competindo con outras alternativas ofrecidas aos cruceiristas.
O crecente interese polo turismo ao aire libre, coas prácticas de cicloturismo y sendeirismo como principais actividades, supón de novo unha grande oportunidade para este destino; deste xeito, preténdese chegar a diferentes nichos de mercado e posicionar Vilagarcía de Arousa como destino turístico vinculado á práctica deportiva e á natureza.
Este produto turístico basearase en dous pilares: por un lado, aproveitarase a presenza do porto de Vilagarcía de Arousa na Ruta Xacobea do Mar de Arousa e Río Ulla, coma a orixe do Camiño. Por outro lado, poñerase en valor a recente creación da Vía Verde do Salnés que une Portas con Vilagarcía de Arousa.
A Xunta de Goberno Local acorda adxudicar á Empresa Tee Travel o contrato de servizos, por un importe total de 3.630,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 432.22799, coa seguinte desagregación:
Promoción e difusión dos paquetes turísticos na web: www.tee-travel.com. As axencias de viaxes minoristas ademais, contarán cunha área axencias privada na que poderán ter acceso a material, documentación, ofertas e condicións, 1.000 €, (IVE non engadido).
Publicacións en redes sociais para dar visibilidade aos diferentes paquetes e intentar cubrir todos os posibles clientes obxectivo, así como envíos de newsletter tanto a cliente final como a nosa rede de Axencias de Viaxes, 700,00 €.(IVE non engadido).
Creación e xestión de campañas en Google Ads. Implementaranse campañas de search y display para chegar ao público obxectivo coas nosos produtos en todos os dispositivos, facendo retargeting sobre os usuarios que mostren interese no produto, 1.300 €. (IVE non engadido).
Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**PRP2021/1566**
O Concello de Vilagarcía está a promocionar as diferentes vías para facer o Camiño de Santiago que pasan por Vilagarcía -a Variante Espiritual ou a Ruta Xacobea do Mar de Arousa- i en calquera das modalidades que permiten eses itinerarios, co fin de entrar de cheo no turismo xacobeo.
I en colaboración coa Mancomunidade do Salnés, se está a lanzar agora o produto A ORIXE DO CAMIÑO, que fai referencia a que pola Ría de Arousa e o río Ulla foi levado o corpo de Apóstolo cara a Santiago, que foi a orixe de todo o fenómeno Xacobeo.
Para a creación e promoción dos produtos vinculadas a esta estratexia do Camiño, o Concello asinou un contrato coa empresa TeeTravel, que é o principal turoperador do camiño en España e o Norte de Portugal.
O Concello é consciente de que para que o produto A ORIXE DO CAMIÑO supoña realmente un

incremento notable de peregrinos que cheguen a Vilagarcía, precísase ter un servizo estable de embarcación que ofrezan o remonte do río Ulla ata Pontecesures. E con ese obxectivo, TeeTravel asinará, a petición do concello, contratos de prestación de servizos coas empresas vilagarciáns, Oftefor-Corticata e Naútica Medusa.
Coa finalidade de promocionar este produto de A ORIXE DO CAMIÑO, a Xunta de Goberno Local acorda a sinatura dun contrato menor de publicidade con Oftefor CB-Corticata Turismo, con CIF E36418283, e Náutica Medusa, S.L. con CIF B36595288, por importe, cada un deles, de 2.178 € (IVE engadido), con cargo á partida132.22602.
A acción a realizar por cada unha das empresas será:

- A embarcación na que faga os remontes terá, nun lugar visible, a babor e estribor, un vinilo da marca A Orixe do Camiño e outro do logotipo do Concello de Vilagarcía de Arousa.
- A presenza dun representante da empresa nunha rolda de prensa na que o Alcalde ou o Concelleiro de Turismo dea a coñecer esta iniciativa.

A vixencia do contrato será dende o 15 de maio ata o 30 de setembro.
A retirada da publicidade da embarcación será por conta das empresas contratadas.
No caso de que a empresa incumpra os compromisos adquiridos co concello ou con Teetravel para este produto, o Concello de Vilagarcía poderá solicitar a rescisión do mesmo ou o reintegro da cantidade aboada no seu caso.

**PRP2021/1614**
O Concello de Vilagarcía está a promocionar as diferentes vías para facer o Camiño de Santiago que pasan por Vilagarcía -a Variante Espiritual ou a Ruta Xacobea do Mar de Arousa- i en calquera das modalidades que permiten eses itinerarios. En barco, a pé, en bicicleta, en kayak…
En colaboración coa Mancomunidade do Salnés, se está a lanzar agora o produto A ORIXE DO CAMIÑO, que fai referencia a que pola Ría de Arousa e o río Ulla foi levado o corpo de Apóstolo cara a Santiago, que foi a orixe de todo o fenómeno Xacobeo.
Unha das formas recoñecidas de facer o camiño e obter a compostelá é navegando. Con esa premisa, a Asociación de Marinas do Norte de España, NORTMARINAS, organiza a travesía NAVEGA O CAMIÑO, que parte de Hondarribia, Guipuzkoa, e remata en Vilagarcía, logo de 15 etapas.
A Vilagarcía chegan o 18 de xuño, procedentes de A Pobra do Caramiñal. Ese mesmo día farán, nun só barco, o remonte ata Padrón e volverán a Vilagarcía, en torno ás 17 h. Ao día seguinte, volverán a Padrón para continuar o seu camiño, a pé, ata Santiago.
O número de persoas que participan nesta travesía é en torno a 40.
Co fin de que esta iniciativa se consolide, se repita ao longo dos anos, tendo a Vilagarcía como chegada da última etapa, considérase xustificado o patrocinio do evento.
A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a sinatura do contrato con NORTHMARINAS coas características seguintes:
Os compromisos do Concello,

- Unha achega de 2.420 € (IVE engadido), con cargo á partida 432.22602, logo da presentación da factura correspondente e despois de realizado o evento.
- A difusión do evento na páxina web do concello e nos medios de comunicación.
- A presenza dun representante do concello na recepción dos navegantes e o selado dos credenciais.

Os compromisos de NORTHMARINAS,

- Mención do Concello como patrocinador na fase previa de presentación da travesía (Salóns náuticos, Salón náutico de La Rochelle, Salón náutico de París, Salón náutico Dusseldorf, Jornadas Northmarinas, RRSS, etc.)
- Invitación para 2 personas a realizar 1 etapa a bordo do barco da organización.
- Presencia no dossier de difusión da Travesía (800 contactos)
- Presencia nos escritos de prensa e medios especializados, nacionales e internacionais
- Presencia, durante o contrato, na Páxina Web: www.rallysailtheway.com
- Presencia en Redes sociais (Facebook, Twitter, Instagram)
- Publicación da Travesía nos canais de comunicación do programa embárcate de ANEN (asociación nacional de empresas náuticas)
- Información e difusión do evento a través dos canais de comunicación de North Marinas
- Mención especial na recepción e entrega de premios na etapa.

## CONTRATACIÓN

**PRP2021/1580**
Dáse conta do recurso de reposición presentado por D. Enrique Urcola Fernández-Miranda en representación da demarcación de Galicia do Colexio de Enxeñeiros de Camiños, Canles e Portos, contra o punto 1.1 do prego de prescricións técnicas particulares da licitación do contrato de servizos denominado " Redacción de proxecto técnico, dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde das obras de reforma, mellora e ampliación das instalacións e piscina municipal de Fontecarmoa".
Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 03/05/2021, declarouse deserta a licitación do contrato de referencia por non presentarse ningún licitador.
Como consecuencia diso produciuse a perda do obxecto do recurso interposto contra o prego de prescricións técnicas, tendo en conta que o acordo da Xunta de Goberno Local antes citado pon fin á licitación e deixa sen efecto os pregos que rexían a mesma.
Por tanto, a Xunta de Goberno Local acorda inadmitir o recurso interposto por perda sobrevinda do seu obxecto, sen que proceda entrar no estudo dos motivos en que o recurso se sustenta (sen prexuízo de que poidan ser tidos en consideración en posteriores licitacións).

**PRP2021/1590**
Dáse conta da seguinte proposta do encargado de mantemento municipal:
Por Resolución do Instituto Enerxético de Galicia, do 19 de xuño de 2020 (DOGA número 129 do 01 de xullo de 2020), aprobáronse as bases reguladoras e se anunciou a convocatoria anticipada de subvencións para proxectos de enerxías renovables térmicas, para os anos 2020-2021, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020.
Por acordo da Xunta de Goberno Local, na súa sesión do 27 de xullo de 2020, aprobáronse as memorias técnicas para a instalación de 3 Estufas de Aire Biomasa para: Centro Cultural Breogán de O Piñeiriño, Escola de Vilar en Bamio e Centro Sociocultural de Guillán, redactadas polo Encargado de Mantementos Municipais, D. Ramón Caldas Ferro e solicitando do INEGA o seu financiamento, na porcentaxe que se fixa na liña de axudas.
Por resolucións do INEGA de data 12 de novembro de 2020, concedérense as seguintes subvención:

1. Para a Escola de Vilar en Bamio.- 1.432,64€

2. Para o Centro Sociocultural de Guillán.- 2.904,00€
3. Para o Centro Cultural Breogán de O Piñeiriño.- 2.904,00€

A Xunta de Goberno Local, en sesión do 8 de febreiro de 2021, procedeu a adxudicar a: INSTALACION DE ESTUFA DE AIRE BIOMASA NO CENTRO CULTURAL BREOGÁN DE O PIÑEIRIÑO á mercantil Instalaciones Ecovila, S.L. con NIF B-94064045 o subministro e instalación de unha estufa de pellets Canalizable marca Ecoforest de 30 KW modelo Oslo, por importe de 7.009,00 €, ao que lle corresponde un IVE (21%) de 1.471,89 € o que totaliza un importe de adxudicación de 8.480,89 €, con cargo á subvención para proxectos de enerxías renovables térmicas, para os anos 2020-2021, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020.
Unha vez comezada a instalación da estufa no Centro Cultural Breogan do Piñeiriño, non foi posible colocar a saída de fumes pola zona común da edificación, debida á oposición manifestada por algún dos propietarios, circunstancia esta que fai imposible a instalación definitiva da estufa no citado centro cultural, ao non ser posible a súa saída ao exterior por ningún outro lugar.
Aos efectos de non perder a inversión xa realizada, solicitouse da empresa adxudicataria dos traballos orzamento para o cambio de ubicación da estufa para o Centro Cultural de Trabanca Sardiñeira. Dadas as características do novo local o orzamento presentado supón un aumento de 2.439,36€ sobre o inicialmente previsto
Visto o que antecede a Xunta de Goberno Local acorda:
1.- Aprobar o cambio de ubicación da estufa de pellets prevista para o Centro Cultural de Breogán de O Piñeiriño, destinándoa para o Centro Cultural de Trabanca Sardiñeira, debido á imposibilidade de sacar a cheminea para a saída de gases e fumes ao exterior, a través das zonas comúns da edificación no Centro Cultural de O Piñeiriño.
2.- Aprobar o novo orzamento presentado por Instalaciones Ecovila, S.L. que ascende a 10.920,25€, o que supón un aumento de 2.439,36€ sobre o inicialmente previsto, debido as novas características do lugar onde se pretende ubicar no Centro Cultural de Trabanca Sardiñeira, financiando este exceso con cargo a fondos propios municipais.
3.- Comunicar ao Instituto Enerxético de Galicia a imposibilidade de instalar a estufa de pellets no Centro Cultura de Breogan, como inicialmente se tiña previsto. Solicitar o financiamento por igual contía para a súa nova ubicación no Centro Cultural de Trabanca Sardiñeira, dado que a estufa e o sistema a instalar son exactamente os mesmos que para o que se autorizou a subvención.

**PRP2021/1612**
Dentro da estratexia EDUSI VILAGARCÍA AVANZA. VILAGARCÍA DE AROUSA, e da liña de actuación ( VLG_LA17_ INCL) DESENVOLVEMENTO DE PLANS PARA A INCLUSIÓN, a Concellería de Promoción Económica previu realizar unha serie de actuacións, tales como:
- A posta en marcha da Oficina de formación e atención dixital. Para ese efecto acondicionaranse varios espazos, tales como a planta superior do edificio do Horreo da Xunqueira e as oficinas municipais de Carril e Vilaxoán, para a formación, información e atención integral á cidadanía no exercicio dos seus dereitos e acceso aos servizos públicos.
- O desenvolvemento nos espazos anteditos, de accións formativas sectoriais e especializadas para a mellora da empregabilidade das persoas, comezando por unha serie de cursos de especialización laboral no sector hostaleiro.
Tendo en conta que a planta superior do hórreo dá Xunqueira non está, a día de hoxe, operativa para comezar a desenvolver estas actividades no devandito espazo, as mesmas débense trasladar provisionalmente a outros edificios e espazos municipais que reúnan as condicións

adecuadas aos fins previstos.
Atendendo aos colectivos aos que se dirixen, é preciso que estas actuacións se poñan en marcha o máis axiña posible para que se poidan alcanzar os seus obxectivos: facilitar aos cidadáns o exercicio dos seus dereitos, especialmente naqueles casos en que se requiren competencias dixitais para relacionarse coas distintas administracións e mellorar a empregabilidade e competitivad dos profesionais e do propio sector hostaleiro.
O Concello de Vilagarcía, carece dos medios materiais e humanos para levar a cabo as accións que se propoñen, pois, aínda que, ten competencias atribuídas en materia de formación de activos e desempregados e loita contra o paro, non existe o persoal municipal persoal cualificado para a impartición desta formación especializada.
O artigo 25 da Lei 7/85, de bases de Réxime Local, indica que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poderá promover toda clase de actividades e prestar todos os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade de veciños.
En sentido similar recóllese o artigo 80 da Lei 5/97, de Administración Local de Galicia, que sinala, entre outras, competencias nas seguintes materias:
- Abastos, matadoiros, feiras, mercados e a defensa de usuarios e consumidores.
- A prestación dos servizos sociais e a promoción e reinserción social.
- Ocupación do tempo libre e o turismo.
- A participación na formación de activos e desempregados.
Pola súa banda o artigo 86 da Lei 5/97, de Administración Local de Galicia contempla a posibilidade do exercicio por parte do municipio de actividades complementarias das propias doutras Administracións Públicas e, en concreto, a de ocupación e loita contra o paro.
Estando pendente de aprobación a operación dentro do OT 9 da EDUSI VILAGARCIA AVANZA, mediante a presente proposta solicítase aprobación da realización da segunda das accións: CURSOS DE ESPECIALIZACIÓN NO SECTOR HOSTALEIRO DE VILAGARCIA DE AROUSA, mediante fondos propios.
